

**COIDAR E RESPECTAR O QUE
É DE TODOS É O MELLOR
XEITO DE APRENDER A
COMPARTIR O QUE TEMOS.**

QUE FACEMOS?

- ▶ Temos a mesa limpa e ordenada.
- ▶ Coidamos os libros e deixámoslos no seu lugar despois de deles.
- ▶ Conservamos os ordenadores, tabletas e instrumentos musicais. Son moi custosos!
- ▶ Usamos as papeleiras
- ▶ Xogamos co material de Educación Física pero non facemos mal uso del.
- ▶ Non estragamos as instalacións do colexio.



**QUEREMOS SEGUIR MELLO-
RANDO AS INSTALACIÓNS
DO CENTRO.**

**NESTE CURSO TEMOS O
PROXECTO DE PINTAR UN
PENTAGRAMA E UN PARCHÍS
XIGANTE.**



CEIP GALÁN
**DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN**

COIDEMOS

O

NOSO

COLEXIO



PLAN DE MELLORA DA CONVIVENCIA

 **CEIP GALÁN**
OSEIRO-ARTEIXO (A Coruña)

 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

UN POUCO DE HISTORIA...

O colexio inaugurouse o 15 de outubro de 1981.

Xa hai 36 anos.

Aquí viñeron moitos dos pais, nais e mesmo avós e avoas dos nenos e nenas que están agora.

Ao principio... o colexio comezou a funcionar sen ter auga corrente. Traían a auga en camións cisterna.

Tampouco había pavillón cuberto e a Educación Física facíase sempre no exterior.



ANOS DESPOIS...

Hai uns doce anos, todo o alumnado do centro, xunto coas súas familias e o profesorado acordaron que era preciso solicitar ao concello un pavillón cuberto. O alcalde recibiu centos de cartas de todos os nenos e nenas do colexio.

O pavillón inaugurouse ao ano seguinte.

Fomos, tamén, un dos primeiros colexios da contorna que tivo unha aula de Informática e un colexio onde sempre se impartiu Educación Musical.

AGORA...

- Temos ordenadores modernos, tabletas, libros, pizarras dixitais... e participamos no Proxecto Arteixo-Innovación, Contratos-Programa...
- Dúas Aulas de Inglés, unha de Música, unha de Informática...
- Contamos cun comedor e temos o programa de madrugadores.
- Contamos cunha horta e un invernadoiro para sementar e plantar e participamos en Voz Natura.

PERO...

Nestes anos tamén ocorreron outras cousas...

Entraron no colexio e destrozaron e romperon libros, ordenadores, crebacabezas, cristais...

Non soubemos o motivo polo que o fixeron.

É posible que nunca se pararan a pensar na historia do colexio e o que significaba para todos e todas ou que simplemente quixesen chamar a atención e xogar a facer trasnadas.

Actuaron mal e fixeron dano.

Os desperfectos arranaxáronse e repúxose moito material.

